



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O pasado 30 de marzo presentouse en Santiago de Compostela o **Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020**, o que supón un desbloqueamento efectivo de **883 millóns de euros** de fondos estruturais europeos e que converte a Galicia nunha das primeiras comunidades do Estado en ter aprobado este programa.

O reparto destes fondos pon de manifesto a aposta da Xunta de Galicia por un **novo modelo económico baseado nun crecemento intelixente** -con máis innovación-; un **crecemento sustentable** -máis respectuoso co medio ambiente e os recursos naturais-; e un **crecemento integrador** -que garanta as mesmas oportunidades educativas, sanitarias e sociais a todos os cidadáns-.

Non en van, practicamente sete de cada dez euros se repartirán entre os catro eixos que sosteñen esta aposta económica: a **I+D+i e desenvolvemento tecnolóxico**, o impulso da **competitividade das PEMEs**, a **mellora da calidade das tecnoloxías da comunicación**, e a consolidación dunha **economía máis respectuosa co medio ambiente**. En concreto, **142 millóns de euros irán destinados ao impulso da I+D+i e ao desenvolvemento tecnolóxico**.

Como apuntou o presidente da Xunta no acto de presentación, se a principal prioridade de Galicia cando ingresou na Unión Europea era superar o illamento, agora o gran desafío é mellorar a súa competitividade sobre a base do coñecemento.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixas pinchando aquí. Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.